



**RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2014, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A VINCULACIÓN TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS DE FACULTATIVO ESPECIALISTA EN RADIODIAGNÓSTICO, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DE 22 DE OUTUBRO DE 2013.**

Mediante Resolución de 22 de outubro de 2013 do Xerente de Xestión Integrada da Coruña convocáronse, para vinculación temporal por concurso de méritos, prazas de diversas especialidades de persoal licenciado sanitario. Por Resolución de 16 de xuño de 2014, fixéronse públicos os acordos da Comisión de avaliación da especialidade de Radiodiagnóstico (nomeada por Resolución da Xerencia da EOXI Coruña do 9 de abril de 2014), cos resultados obtidos polos aspirantes concorrentes, abrindo un prazo de reclamacións para que os interesados presentaran as que considerasen pertinentes. Transcorrido o prazo regulamentado e sen constancia de reclamacións, esta Xerencia


**RESOLVE:**

- Elevar a definitiva a listaxe provisional de puntuacións acadadas polos aspirantes.
- Seleccionar para a cobertura da praza aos candidatos:

CARLOS FERNÁNDEZ D PONTE GARCÍA.- 50,59 puntos  
ÁNGELA IGLESIAS LÓPEZ.- 49,06 puntos

De acordo coa base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de toma de posesión dun mes para que o candidato formalice o nomeamento. O prazo comezará a contar dende o 28 de xuño de 2014.

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes dende a súa publicación, conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

A Coruña a 26 de xuño de 2014  
 **XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA**  
**A Coruña**  
**XERENCIA**  
Francisco José Vilanova Fraga

Xerencia de Xestión Integrada